

"CONTOS DA GÁNDARA "
(LEMBRANZAS DOS NÓS MAIORES E OUTRAS
LERIAS)

Neste recuncho queremos abrir unha xanela ás lembranzas e saberes dos nosos maiores. E xa que estamos vivindo un cambio de estación, toca falar das témporas.

As Témporas

Temos catro témporas no ano: 21 de setembro, 21 de decembro, 21 de marzo e 21 de xuño.

Nestas datas hai que esperar ás 12 da noite para saber o tempo que imos gozar nos seguintes tres meses. Se as 12 da noite queda aire de arriba podemos contar con bo tempo.

Se o aire queda de abaixo o pronóstico é de mal tempo (teremos inverno). Pode ocorrer que o aire veña de travesía polo que entón teremos tempo revolto, é dicir "algo de todo".

Uns refráns:

Aire de abaixo,
aire de merda
por culpa do aire de
abaixo
perdín a miña herba"

" Aire solano,
auga na mano,
aire solán,
troita na man,
aire travesío,
troita no río"

Colaboran:

**Dorinda Graña , Josefa Vázquez, Andrea Taboada,
Ricardo García, M^a Carmen López e Esperanza Sueiro.**